



## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 21 DE MARZO DE 2017

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e quince minutos do día vinte e un de marzo de dous mil dezasete, baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, por imposibilidade de asistencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Josefa Vázquez Soto, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez.

Faise constar que asisten á sesión dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia; dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación; e don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 14 de marzo de 2017**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 14 de marzo de 2017 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asisten á sesión, aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Resolución do 3 de marzo de 2017, da Escola Galega de Administración Pública, pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2017, no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas. (Diario Oficial de Galicia número 53, do día 16 de marzo de 2017).



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

### 3º Aprobación de certificación de obra correspondente á obra denominada “Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol “Os Pinares”, Brexo Lema” incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015, da excma. Deputación provincial da Coruña.

Vista a proposta de Alcaldía de data 15 de marzo de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Tendo en conta que mediante a resolución de Alcaldía núm. 447, de data 18 de marzo de 2016, se delega na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións de Alcaldía relativas á aprobación das certificacións de obra expedidas polo director facultativo cando actúe como órgano de contratación.

Visto que consta no expediente para a súa aprobación a seguinte certificación de obra, xunto coa relación valorada correspondente, debidamente asinada polo contratista e a directora facultativa da obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE	NUM. FACTURA	DATA ENTRADA
2016/C003/000007	JARDINERÍA ARCE S.L.	B15547979	Certificación nº 2 da obra "Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol "Os Pinares", Brexo Lema"	107.173,17 €	F/2017/205	16/01/2017

Comprobado o cuadro aritmético da mesma e a non variación de feito respecto ao proxecto de obra.

Visto que consta no expediente factura debidamente asinada polo responsable do contrato e o concelleiro delegado competente polo mesmo importe e concepto.

Vista a providencia formulada o 14 de marzo de 2017 polo concelleiro-delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, que conta co intervido e conforme da Intervención Municipal.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propono a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Aprobar a seguinte certificación de obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE CERTIFICACIÓN
2016/C003/000007	JARDINERÍA ARCE S.L.	B15547979	Certificación nº 2 da obra "Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol "Os Pinares", Brexo Lema"	107.173,17 €

**Segundo:** Dar conta aos servizos económicos municipais para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

#### 4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 10 ao 16 marzo do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 380/2017 e remata coa resolución do concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio número 422/2017, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
380/2017	10/03/2017	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 14 de marzo de 2017
381/2017	10/03/2017	Expediente de incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2016 núm. 3/2017 por un importe total de 1.607.299,24 euros
382/2017	10/03/2017	Expediente de orde de execución 2017/I002/000028 por polas de árbores invadindo camiño municipal desde finca sita en Sigrás de Abaixo, Sigrás
383/2017	10/03/2017	Conceder unha terceira prorroga para finalizar a reforma e ampliación da vivenda sita en Fonte do Galo, parroquia de Brexo, con licenza de obra nº 01/35/12, concedida por resolución da concelleira delegada da Área de Urbanismo e Medio Ambiente do 5 de decembro de 2012, polo prazo máximo dun ano. Solicitante: TPV
384/2017	10/03/2017	Liquidación provisional a HE, S.A, da taxa polo aproveitamento especial do subsolo, solo e voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral do exercicio 2013
385/2017	10/03/2017	Dar de baixa de oficio a SD Fluterga, no Rexistro municipal de asociacións veciñais
386/2017	10/03/2017	Dar de baixa de oficio a A.D. Fondo Sur, no Rexistro municipal de asociacións veciñais
387/2017	10/03/2017	Dar de baixa de oficio a A.D. Club de Tenis A Ponte, no Rexistro municipal de asociacións veciñais
388/2017	10/03/2017	Dar de baixa de oficio a Asociación cultural, recreativa e deportiva de xoves do Temple "A Ruta", no Rexistro municipal de asociacións veciñais
389/2017	10/03/2017	Dar de baixa de oficio a Asociación xuvenil A Rama, no Rexistro municipal de asociacións veciñais
390/2017	10/03/2017	Dar de baixa de oficio ao Club Patinaxe Cambre, no Rexistro municipal de asociacións veciñais
391/2017	13/03/2017	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: CVV
392/2017	13/03/2017	Conceder a axuda recibo luz por importe de 69,73 euros e



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		recibo de auga por importe de 62,96 euros. Solicitante: GBSC
393/2017	13/03/2017	Desestimar o recurso de reposición interposto por EG, S.A., contra a RCU 127/2017, do 3 de febreiro, pola que se declarou a ineficacia da comunicación previa presentada para a instalación dun valo publicitario na zona nordeste da finca sita na rúa Cruceiro, Cambre
394/2017	14/03/2017	Aprobar as liquidacións do prezo público correspondente ao mes de febreiro de 2017 por un importe total de 5846,17 euros
395/2017	14/03/2017	Aprobar as de facturas (GNSS, SA e máis), e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 136.124,35 euros
396/2017	14/03/2017	Conceder á Asociación cultural La Coral de Cecebre e, o prazo de 10 días hábiles a fin de que presente a documentación memoria das actividades realizadas 2016
397/2017	14/03/2017	Dar de baixa a Asociación cultural e musical "Locos por el rock", no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais de Cambre, a petición do representante, e arquivar o expediente
398/2017	14/03/2017	Dar de baixa á Asociación xuvenil e musical "Sin Pena ni Gloria", no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais (RMAV) de Cambre, a petición do representante da entidade, e arquivar o expediente
399/2017	14/03/2017	Aprobar o proxecto "Renovación do emisario de rede de saneamento do Polígono Industrial do Espírito Santo, tramo a Marisqueira e tramo Muiño Vello, Cambre", redactado pola enxeñeira técnica de obra públicas municipal cun orzamento total de 189.911,27 €. Solicitar o outorgamento dunha subvención por importe de 120.000,00 € conforme ao disposto na Orde do 28 de decembro de 2015, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia
400/2017	14/03/2017	Conceder a licenza para segregrar da finca situada en Espírito Santo, parroquia de Cecebre, de 605 m <sup>2</sup> unha parcela de 93,04 m <sup>2</sup> para cedela a este concello para a regularización do viario público. Solicitante: JLPR
401/2017	14/03/2017	Aprobar o proxecto "Renovación de firme e novos aparcadoiros nas rúas Fleming e Lumiere, P.I. Espírito Santo, Cambre", redactado pola enxeñeira técnica de obra públicas municipal cun orzamento total de 134.666,65 €. Solicitar o outorgamento dunha subvención por importe de 107.733,32 € conforme ao disposto na Orde do 27 de xaneiro de 2017, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia
402/2017	14/03/2017	Expediente de orde de execución 2015/I002/000039 por existencia de vertedeiro incontrolado en finca sita no Canal, Cecebre
403/2017	14/03/2017	Expediente de orde de execución 2015/I002/000038 por existencia de vertedeiro incontrolado en finca sita en San Roque, Santa María de Vigo, Cambre
404/2017	14/03/2017	Expediente de orde de execución 2016/I002/000160 por existencia de conexión irregular de augas pluviais proveniente da finca sita en Estrada da Estación, Cambre
405/2017	14/03/2017	Dar de baixa á Asociación xuvenil GXIC, Grupo xuvenil de informáticos de Cambre, no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais de Cambre, a petición do representante, e archivar o expediente
406/2017	15/03/2017	Aprobación de facturas (LI, SL e máis), e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 45.436,48 euros
407/2017	15/03/2017	Estimar a solicitude de devolución de ingresos indebidos e recoñecer o dereito do contribuínte á devolución de ingresos indebidos por importe de 134,62 euros, correspondente ao aboamento do recibo da taxa pola subministración de auga do cuarto trimestre de 2016, por terse producido un pagamento excesivo. Solicitante: JMG
408/2017	15/03/2017	Desestimar a reclamación por responsabilidade patrimonial presentada polos danos ocasionados no seu vehículo cando circulaba polo carril de incorporación da Urbanización da Barcala á estrada Cambre-Temple, Km.1,5, debido, segundo indica, a unha fochanca sen sinalizar, o día 4 de setembro de 2014, xa que a vía na que se produciu o sinistro é de titularidade da Deputación da Coruña. Expediente: 20/2014 Responsabilidade patrimonial. Solicitante: BGP
409/2017	15/03/2017	Aprobar o proxecto para a execución do obradoiro de emprego "Cambre-Sada PROXEDIS (Profesionais en Xeriatría e Discapacidade)", ao abeiro da Orde da Consellería de Economía, emprego e industria de 8 de febreiro de 2017, cun orzamento total de 289.339,00 euros, dos cales a achega que se solicita á Xunta de Galicia é de 279.339,00 euros, e o Concello de Cambre achegará 5.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria " 2411 22199 "Obradoiro de Emprego", e 5.000,00 euros que achegará o Concello de Sada. Solicitar a subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia para ao abeiro da orde da Consellería de Economía Emprego e Industria 8 de febreiro de 2017. Aprobar o texto do convenio de cooperación para a execución
410/2017	15/03/2017	Revogación de concesión das bonificacións na cota da taxa por



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		subministración de auga para vivendas nas que convivan máis de cinco persoas ou o titular da póliza ou o seu cónxuxe, ostente a condición de familia numerosa (1º T 2017)
411/2017	15/03/2017	Solicitud de datos do Padrón Municipal de Habitantes de JFC Resolución de denegación de acceso
412/2017	15/03/2017	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención (ES, SL e máis) por importe total de 97.330,85 euros
413/2017	15/03/2017	Autorizar a permuta en funcionarios da policía local
414/2017	15/03/2017	Recoñecemento da 2ª anualidade dos gastos imputables ao contrato de explotación da piscina de A Barcala pola paralización do servizo, a favor de HS, S.L.
415/2017	16/03/2017	Conceder a licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos, pit bull 941000018664102. Solicitante: JMB
416/2017	16/03/2017	Conceder a licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos, american stafforshire 981098106426805. Solicitante: DVC
417/2017	16/03/2017	Corrección erro Resolución nº 347/2017 de data 06/03/2017, debido a un erro material, figura a concesión de "parte do recibo de aluguer correspondente ao mes de febreiro de 2017 por importe de 250 euros" cando debería figura a concesión "do recibo de aluguer correspondente ao mes de febreiro de 2017 por importe de 400 euros"
418/2017	16/03/2017	Desestimo recibo luz MTT
419/2017	16/03/2017	Conceder a axuda para parte do recibo de aluguer por importe de 150 euros. Solicitante: HRP
420/2017	16/03/2017	Solicitud de aprazamento de débeda 2/2017
421/2017	16/03/2017	Revogación concesión da bonificación do 100% nas cotas para o consumo doméstico de auga e polo servizo de rede de sumidoiros
422/2017	16/03/2017	Arquivo de actuacións por pago no expediente de reclamación de danos en mobiliario urbano nº 13/2016

## 5º. Informes doutros asuntos de área

### Informes da alcaldía

Dende a concellería de Movemento Asociativo:

Do 13 ao 17 de marzo:

- Do Instituto Alfonso O Sabio X da Barcala mantivo unha reunión con Ana profesora e Cristina profesora e pertencente ao SGE ASC. de Fotografía Profesionais da Coruña solicitaron en Cultura o local da terceira idade da Barcala para que os alumnos fixeran entrevistas e sacasen



fotos á xente maior e cando acabaron os nenos invitaron aos maiores ás obras de teatro do colexio.

- En Altamira a presidenta e tesoureira requiriu a presenza da concelleira de Seguridade Cidadá e Movemento Asociativo para comunicar as súas queixas da parroquia.

### **Informes do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, e Medio Ambiente**

Don Juan A. González Leirós dá conta dos seguintes asuntos:

- O martes, día 14, mantivo unha reunión na Edar-Bens, para tratar o tema en relación coa planta biogas. Presentación por parte dos implicados (Xunta, Edar de Bens, Gas Natural e laboratorio) do proxecto de planta de biogas.
- O mércores, día 15, mantivo unha reunión en Estradas, da Xunta, para tratar os temas relacionados coas beirarrúas da Xira e da Casilla.
- O mércores, día 15, ás 20 horas asistiu á inauguración do campo de fútbol do Brexo-Lema.

### **Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico**

Dona Leonor Fernández Grande dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 14 visitou xunto coa técnica Sonia Machín o noso Centro de Formación onde comunicaron ao alumnado do curso Competencias Clave e o curso da Esa que alugarán un autobús para levarlos a Silleda o sábado día 13 de maio data na que terán lugar as probas.
- O mércores día 15 desprazouse xunto coa Responsable da ADL e Ana Varela, docente de orientación laboral do obradoiro de emprego, a Caser Residencial co fin de manter unha reunión co director e xefe de Recursos Humanos do centro para facilitar os curriculums do alumnado do O.E. (O día 17 chamaron desde Caser a 5 alumnas do OE para entrevista de selección).
- Ás 20 horas asistiu á inauguración do campo Brexo-Lema xunto co resto da corporación.
- O xoves día 16 desprazouse a Ourense, acompañando a un emprendedor, á empresa Patatas Fritas Jaly,s S.L. para establecer un primeiro contacto para comercializar e abrir mercado en Salamanca.
- O día 16 un dos artífices que están traballando na segunda edición do evento "Artificios" comunicoulle que por cuestións organizativas, desexan realizar esta edición en Vila Concepción os días 15, 16 e 17 de decembro 2017, xa que pensan que as vendas de cara ao Nadal serán mellores.

### **Informes do concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio**

Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

- Día 17 de marzo. Casa da Xuventude, programa “Por fin é venres”. Actividade en colaboración co Club de chave A Coutelana. Tanto os nenos como os maiores quedaron encantados e con ganas de volver máis veces.
- Xuventude-OMIX. APP OMIX: descargas, 1603; total visitas, 17.471.
- O luns, 20 de marzo, comezou o prazo das actividades de primavera. Son dez días (ata o 29 de marzo) para a súa inscrición.
- Ruta CXXV: castelos dos Andrade, Narahío e Moeche, coa actividade complementaria de tiro con arco.
- Campamentos de verán: está aberto o prazo de presentación de ofertas. As empresas dispoñen ata o día 29 de marzo para presentar as súas ofertas.
- Martes, día 14, reunión coa conselleira de Xuventude: información sobre as liñas de subvencións da Xunta de Galicia.

#### **Informes do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade**

Don Daniel Carballada Rodríguez dá conta do seguinte asunto:

- O martes 14 mantivo un encontro coa Escola de baile e música As Mariñas.
- Dentro do servizo de Deportes, don Brais Cubeiro Fernández dá conta dos seguintes asuntos:
  - O mércores 15 asistiu á inauguración do campo de fútbol municipal Os Pinares.
  - O domingo 19 visitou a Casa-Museo Manuel María organizada pola Concellería de Cultura.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e trinta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Juan Evaristo Rodríguez Vázquez

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia